



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA (TELEMÁTICA) Nº 1/2021 DO PLENO REALIZADA O DÍA 14-1-2021

Na casa consistorial do Concello de Irixoa (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e tres minutos do día catorce de xaneiro de dous mil vinte e un reúnense, mediante conexión telemática, (<https://meet.google.com/cpw-sngo-awk>) por videoconferencia, debido á situación perigosa de contaxios do coronavirus no concello, en primeira convocatoria, os membros do Pleno da corporación relacionados seguidamente, presididos polo alcalde e asistidos do secretario titular, Alejandro Alonso Figueroa, que dou fe do acto.

ASISTENTES

Alcalde: Antonio Deibe Sanmartín (PP)
Concelleiros: Lucía Abeal Fuentes (PP)
Sergio Nicolás Boado Seoane (BNG)
María José Cal Álvarez (PSdeG-PSOE)
Ramón José Dopico Martínez (PP)
Juan Manuel Freire Golpe (PP)
José Otero López (PP)
Remigio Pérez Bao (PP)
José Ángel Roca Díaz (PP)

AUSENTES

Ningún

A sesión é aberta pola Presidencia ao obxecto de proceder ao exame, debate e votación dos asuntos da seguinte

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 30-12-2020. Pola Presidencia pregúntase se algún membro desexa formular algunha observación ou proposta de rectificación á redacción da acta da sesión anterior; por parte da sra. Cal (PSdeG-PSOE) fórmulase a seguinte alegación:

-no punto 6 de moción do grupo municipal popular en defensa da autonomía financeira de Galicia non se recolle correctamente a intervención do sr. Boado (BNG).

Tamén por parte do sr. Boado indícase que a transcripción da súa intervención non é correcta, polo que propón a eliminación, agás no relativo ao anuncio da súa abstención; polo tanto debería eliminarse o seguinte texto: “, *considerase que Galicia non ten o trato que se merece do goberno central, pero que este é un tema amplo e complexo*”.

Non hai outras alegacións ou propostas de modificación.

Sometido o asunto a votación ordinaria, por unanimidade de 9 votos favorables, apróbase a acta da sesión ordinaria de 30-12-2020, coa eliminación do texto indicado no punto 6.

2. ORZAMENTO MUNICIPAL 2021: RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA. No expediente do orzamento 2021 presentáronse as seguintes



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

alegacións durante o prazo de exposición pública, polo que procede a aprobación definitiva e a resolución das mesmas. Tales alegacións son as seguintes:

- José Fernando Espada Orgeira, como xefe de contabilidade do concello, con data do 31-12-2020, alega incorporar o importe duplicado do PIL 2021.
- Antonio Deibe Sanmartín, como alcalde, con data do 7-1-2021, alega para reestruturar a contratación de persoal laboral temporal.
- Sindicato USO, con data 7-1-2021, solicita o cumprimento da normativa sobre persoal, cubrindo as prazas vacantes e recalificando a funcionarios as prazas de laborais, consolidando o emprego temporal.
- José Fernando Espada Orgeira, como xefe de contabilidade do concello, con data do 7-1-2021, alega reducir os ingresos previstos dos outros concello agrupados no obradoiro 2018, xa que foron liquidados no 2020.

As modificacións internas propostas teñen informe favorable de secretaría-intervención-tesourería, mentres que non se considera estimable o contido da alegación do sindicato USO.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por maioría absoluta de 7 votos favorables, 0 votos contrarios e 2 abstencións (sr. Boado e sra. Cal), o seguinte **acordo**:

1. Aprobar definitivamente o orzamento municipal do 2021, aprobado inicialmente por acordo plenario do 11-12-2020; acéptanse as 3 alegacións internas presentadas polos funcionarios e cargos municipais; desestímase a alegación da organización sindical USO, dado que, aínda que ten lexitimación activa, o contido non se corresponde co establecido no art. 170.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais; non obstante, o obxectivo do concello é mellorar a estabilidade do emprego municipal e, no seu caso, adaptar a RPT ás circunstancias actuais do concello; as modificacións afectan ao resumo por capítulos do estado de gastos, así como a cadro de persoal, polo que se reproducen corrixidos seguidamente:

CAPÍT.	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
ESTADO DE GASTOS		
1	Gastos de persoal	667.780
2	Gastos en bens correntes e servizos	616.330
3	Gastos financeiros	1.500
4	Transferencias correntes	62.500
6	Inversións reais	342.023
	TOTAL GASTOS	1.690.133
ESTADO DE INGRESOS		
1	Impostos directos	250.000
2	Impostos indirectos	6.000
3	Taxas e outros ingresos	147.460
4	Transferencias correntes	995.575
5	Ingresos patrimoniais	100
7	Transferencias de capital	290.998
	TOTAL INGRESOS	1.690.133

CADRO DE PERSOAL MUNICIPAL 2021			
PERSOAL FUNCIONARIO			
Denominación posto	Grupo	Compl.	Situación



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

		destino	
1. Habilitación Estatal Secretaría-Intervención-Tesourería	A-1/A-2	28	Propiedade
2. Escala de Administración Xeral Administrativo-xefe negociado	C-1	22	Propiedade
Alguacil-Porteira	A-P	11	Vacante - amortización dotación económica
3. Escala de Admnción. Especial Traballador social	A-2	24	Propiedade

Nº	Denominación	Observacións
PERSOAL LABORAL FIXO		
1	auxiliar advo-operador informático	Secretaría Xulgado de Paz
1	limpadora de inmobles municipais (6 horas/día).	Vacante, contratado a empresa
1	oficial 1ª advo.-informático	
4	auxiliares de axuda no fogar	
PERSOAL LABORAL TEMPORAL		
1	técnica deportiva municipal	Subvención provincial
1	bibliotecaria e informadora xuvenil	Subvención provincial
1	orientadora laboral	subvención autonómica
1	Educadora social	Subvención provincial
1	Auxiliar de servizos sociais	Subvención provincial
4	oficiais 1ª tractoristas POS+ 2020	Subvención provincial
2	oficial 1ª albanel POS+ 2020	Subvención provincial 6 meses (30 horas)
2	auxiliar SAF (servizos sociais)	Subvención provincial 10,5 meses
1	auxiliar SAF (servizos sociais)	4 meses (cubrir vacacións)
6	Peóns PIL	Subvención provincial 6 meses (30 horas)
=	substitucións por suplencias e incidencias	variable

PERSOAL DIRECTIVO		
Alcaldía	dedicación exclusiva	8 horas diarias
Concellería de obras e servizos	dedicación parcial	6 horas diarias

2. Procederáse á publicación da aprobación definitiva co resumo por capítulos, así como á remisión de copias do expediente á Administración do Estado e á Xunta de Galicia.

3. POS+ 2021. Dáse conta dos diversos requirimentos realizados pola Deputación Provincial da Coruña en relación ao POS+ 2021; en relación ao acordo plenario do 11-12-2020, no punto 2 de aprobación do POS+ 2021 (parágrafo 2 do Plan Complementario), é necesario cambiar o código do grupo de programa da obra Canalización de pluviais en Tiulfe e outros, xa que figura o 453 e corresponde o 160.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

1. Modifícase o acordo plenario do 11-12-2020, no punto 2 de aprobación do POS+ 2021 (párrafo 2 do Plan Complementario), no que se cambia o código do grupo de programa da obra Canalización de pluviais en Tiulfe e outros, quedando o 160.

2. Polo concello, con facultamento específico para o secretario-interventor-tesoureiro, realízanse as emendas oportunas en contestación do requirimentos.

4. COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DE MESES ANTERIORES. Dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía no mes de decembro de 2020, dado que se comunicaron ou repartiron previamente por secretaría unha relación extractada das mesmas a cada corporativo. Remítirase unha copia ás administracións estatal e autonómica. Non se producen preguntas ou debate.

O Pleno queda enterado.

Sendo as catorce horas e cero minutos, e non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión da cal eu, Secretario, estendo a presente acta coa que dou fe da mesma.

O SECRETARIO

Visto e prace
O ALCALDE